



Aula Xuventur está dirixido ao alumnado de educación secundaria obrigatoria (ESO), 1.º curso de bacharelato e 1.º ciclo de grao medio, que curse os seus estudos nos centros de ensino galegos e non teña cumpridos os 18 anos.



MÓDULO I: MARZO

MARE NOSTRUM

O módulo I da edición de Aula Xuventur 2013 terá lugar no mes de marzo, no albergue xuvenil de Gandarío, coa actividade *MARE NOSTRUM*, na que poderán participar ata 240 mozos e mozas galegos/as.

A hora de chegada ao albergue será ás 11.00 horas da mañá do primeiro día e a hora de saída será ás 12.00 horas da mañá do último día.

PARTICIPANTES

Alumnos/as de entre 12 e 17 anos que estean cursando educación secundaria obrigatoria (ESO), 1.º curso de bacharelato e 1.º ciclo de grao medio.

40 prazas por quenda (incluíndo, como máximo, **2 profesores gratis**).



Obxectivo xeral do programa: interactuar en primeira persoa e vivencialmente co contorno e coa vida mariña, a través de diferentes actividades lúdico-formativas.

Obxectivos específicos: saber máis sobre os recursos etnográficos e culturais do contorno mariñeiro das Rías Altas, en concreto, da Ría de Ares e Betanzos; practicar as diferentes artes de pesca tradicionais en relación co contorno e as súas xentes; educar en valores, mediante o deseño dunha estratexia transversal durante o programa, alentando a cooperación entre os/as participantes; fomentar hábitos de vida saudables, así como prácticas responsables en relación co medio mariño e o seu contorno mediante a navegación en barcos de vela.

QUENDAS

	Lúns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Marzo	4	5	6	7	8
	11	12	13	14	15
	18	19	20	21	22

INSCRICIÓNS E RESERVAS

A inscrición realizarase unicamente na modalidade en liña, dende a páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: www.xuventude.net

A inscrición deberá realizala o centro de ensino correspondente. Non se admitirán solicitudes individuais do alumnado.

Cada centro de ensino poderá solicitar e participar en diferentes quendas, ata cubrir as prazas.



PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición comezará o **día 25 de febreiro** ás 10.00 horas, e finalizará unha semana antes do inicio de cada quenda. O formulario estará dispoñible na páxina web: www.xuventude.net Non se admitirán as solicitudes cuxa data e hora sexa anterior á sinalada.



ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles.

No prazo de 7 días dende o envío da solicitude, enviaráselle ao enderezo electrónico que figure no formulario de inscrición, un correo no que se confirmará, se é o caso, a adxudicación da praza. De non recibir a comunicación de admisión no prazo de 7 días, entenderase que non se obtivo a praza.

Unha vez comunicada a adxudicación de prazas ao centro educativo por correo electrónico, este disporá dun prazo máximo de 5 días para enviar a documentación correspondente que se sinala na comunicación de adxudicación, á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. No caso contrario, poderá ser excluído do programa.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

- Son viaxes en grupo e, en consecuencia, débense respectar os horarios establecidos, tanto para as saídas programadas como para os servizos opcionais. Así mesmo, durante o desenvolvemento da actividade deberase manter un comportamento acorde coas normas de convivencia e un trato correcto cos demais participantes e co persoal da organización.
- Durante a estadia nos aloxamentos, respectaranse as normas de organización interna en cada un deles.
- As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo. Poderase tamén cancelar, no caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.
- A realización e o desenvolvemento das actividades estará condicionada polas condicións meteorolóxicas xerais.
- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas, no caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal da actividade, a persoa poderá ser expulsada do programa. Neste caso, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado non se fará responsable da viaxe de volta da dita persoa, nin reembolsará ningunha cantidade económica.
- Será necesario levar a tarxeta sanitaria durante a viaxe.

DEVOLUCIÓN DA COTA DE PARTICIPACIÓN

Só se procederá á devolución da cota de participación cando, por causas non imputables ás persoas interesadas, o servizo non se preste ou a Administración cancele a actividade.



SERVIZOS INCLUÍDOS

- Aloxamento no albergue xuvenil de Gandarío en réxime de pensión completa.
- Programa de actividades, monitoraxe e material necesario para o correcto desenvolvemento da actividade.
- Desprazamentos durante as actividades.
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

NON SE INCLÚE

O desprazamento de ida dende o centro escolar ata o albergue, e o de volta dende o albergue ao centro escolar.




EQUIPAMENTO DOS PARTICIPANTES

Deberán levar os seus útiles de aseo persoal, toallas, chanclas para a ducha, roupa cómoda, roupa de abrigo e de auga (chuvasqueiro), botas de montaña, calzado deportivo e bañador. Recoméndase unha mochila e é indispensable un saco de durmir. Como equipamento opcional recoméndase un traxe de neopreno e licra (no caso de non dispoñer del, facilitarao a organización).

ACTIVIDADES

O programa desenvolverase cunha metodoloxía activa baseada na participación e interacción dos/as rapaces/as, como protagonistas do seu propio proceso de aprendizaxe, co “contorno do mar”.

Primeiro día:

- ⇒ Bioloxía mariña: xeocaptura *O intermareal* (fauna e flora da ría) o marisqueo.
 - * Práctica con diferentes ferramentas para o marisqueo.
 - * Fauna e flora da Ría de Ares e Betanzos: as especies, as algas, o hábitat,...
 - * O cultivo das diferentes especies polo home: procesos de cultivo e recolección.
 - * As ferramentas de traballo: o raño, as nasas, as redes,...
 - * O porto pesqueiro e o porto deportivo.
- ⇒ Saídas a navegar en raqueiro a vela. 
 - * A navegación a vela: historia, antecedentes, usos para a pesca, o vento, cadro de nós mariñeiros, tradicións da vela mariña ...
 - * Arborar un barco de vela.
 - * Nomenclatura básica náutica e de navegación.
 - * Rumbos.

Segundo día:

- ⇒ Visita á lonxa e ao porto pesqueiro e deportivo de Sada.
 - * Visita ao porto pesqueiro e identificación de barcos de baixura.
 - * Visita á lonxa e probar o mecanismo da subhasta de peixe e mariscos da ría.
 - * Diferenciar os diferentes botes e barcos de pesca.
 - * Coñecer a profesión dende as vivencias dos mariñeiros/as. A man do home, a poxa, a lonxa, a venda de peixe e marisco da ría.
- ⇒ Bioloxía mariña: xeocaptura *O intermareal* (fauna e flora da ría) o marisqueo.
- ⇒ Saídas a navegar en raqueiro a vela (cambios de grupos do día I).

Terceiro día:

- ⇒ Xogos tradicionais nas vilas mariñeiras: a rá, a chave, a sogatira, os trompos, bolos celtas...

Actividades de noite “Veladas”.

- Descubrindo a Ría de Ares e Betanzos: unha busca do tesouro ou un trivial na instalación.
- O mar en perigo?: videoforo, o mar e o cambio climático creando un xogo de rol playing coa temática.

Actividades alternativas en caso de choiva.

- Visita á fábrica de Sargadelos de Sada.
- Gran parchís das Rías Altas.
- A debate: “O home e o mar”; “As vedas”; “O furtivismo”.



INFORMACIÓN

Toda a información relativa ao programa Aula Xuventur atópase na web

www.xuventude.net

INFORMACIÓN XERAL | 881 999 194 | 881 999 314



xuventude.net



XUNTA
DE GALICIA